


NO OBRADOIRO

GLOSARIO DE TATUAXE



AGULLA

Material de aceiro esterilizado que dá forma á tatuaxe escollida e implanta a tinta debaixo da pel.

BOSQUEXO

Debuxo no que se deseñan os trazos esenciais dunha obra.

BRAZALETE

Tira ou pulseira debuxada ao redor do brazo, o pulso ou o nocello.

CANTIDADE DE PERCORRIDO

Distancia en milímetros que se move a agulla na máquina. Cada técnica ou estilo require unha cantidade de percorrido determinada.



COBERTURA

Técnica para tapar unha tatuaxe en mal estado ou que nos cansou. Pódese cubrir o debuxo anterior ou crear un novo a partir do anterior.

MÁQUINA DE BOVINA


Dispositivo mecánico manual para realizar tatuaxes no que a corrente electromagnética pasa por un par de bobinas.

IGNARO

Estilo de tatuaxes caracterizado por liñas simples, tinta negra predominante, palabras e riscadas. A tendencia xurdiu no mundo dos graffitis.

MÁQUINA ROTATIVA

Dispositivo mecánico empregado para tatuar. Ten un motor que produce directamente o movemento da agulla. É máis moderna que a máquina de bobina, quéntase menos e ten un menor desgaste.



PEDAL

Peza dalgunhas máquinas de tatuaxe que se acciona co pé e serve para transmitir o movemento ao motor.

PUXAMÁN

Técnica de tatuar ancestral que se realiza á man cunha agulla e tinta. Era a técnica utilizada antes de que existisen as máquinas de tatuaxe e moitas artistas seguen empregándoa na actualidade.



REALISMO

Estilo de tatuaxes que tentan imitar de xeito preciso a realidade.

VELLA ESCOLA

Estilo de tatuaxe que xurdiu nos barcos e nos circos dos Estados Unidos. Caracterízase por ter liñas grosas e cores primarias e planas con temáticas baseadas en barcos, rosas, anduriñas e caveiras.

XAPONÉS

Estilo de tatuaxes baseado nas estampas *ukijoe* do século XVII. Son composicións bidimensionais, con liñas grosas e cores básicas planas. As temáticas adoitan estar realacionadas con dragóns, tigres, samurais e flores.



Glosarios recollidos e ilustrados por

P U R A ● Q U I T E R I A

Este proxecto audiovisual realizouse
ao abeiro do Fondo de proxectos
culturais Xacobeo 2021-2022 da
Xunta de Galicia

